

## **ACORDO DE PRÓRROGA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS DOS ESTUDOS OFICIAIS DE GRAO E MÁSTER**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e Galaría, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A., xunto coa Universidade da Coruña, formalizaron o 19.05.2025 o instrumento convencional arriba referido, a través do cal prorrógase por catro anos mais o acordo asinado en data 19.05.2021.

Este primeiro acordo ten por obxecto establecer a forma e condicións da cooperación entre as partes asinantes, para a realización de prácticas externas dos estudos oficiais de grao e máster universitario nos centros e servizos asistenciais ou unidades administrativas que a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e Galaría poñen a disposición de tal fin.

O instrumento convencional asinado fundaméntase no interese que teñen as partes asinantes, cos obxectivos xerais e específicos que figuran no acordo, de intensificar as relacións entre o mundo universitario e o ámbito asistencial, facilitando o achegamento do alumnado universitario á realidade profesional e ao desenvolvemento práctico dos coñecementos teóricos das distintas disciplinas que adquiren na Universidade.

A cláusula vixésimo primeira do convenio asinado no seu día prevía a posibilidade de que en calquera momento, antes da finalización do prazo de vixencia do mesmo, as partes poderían acordar a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais. De acordo coa dita previsión, e tendo en conta os fins acadados durante o tempo de vixencia do convenio e a necesidade de continuar coa colaboración indicada, as partes asinantes acordaron a prórroga daquel.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.